

# PRÓLOGO

Don Santiago Ramón y Cajal é, sen dúbida algunha, un dos neurocientíficos máis importantes de tódolos tempos, e unha das figuras máis destacadas da ciencia española. En 1906 recibe o Premio Nobel en Fisioloxía e Medicina ao ter demostrado que a neurona era a unidade celular básica do sistema nervioso (Teoría Neuronal) e que, polo tanto, non formaba redes sincitiais (Teoría Reticular) como postulaba Golgi na mesma época. Paradoxos da ciencia, comparte o Premio Nobel con Camilo Golgi a pesares de ser defensores de teorías contrapostas. A súa obra científica, tan extensa como importante, destaca pola súa orixinalidade e transcendencia. Cajal foi pioneiro en describir feitos que posteriormente veríanse plasmados en conceptos como neurociencia, sinapsis, plasticidade neuronal, etc. A maioría das súas aportacións seguen a estar vixentes, e os seus debuxos e esquemas continúan a reproducirse nos libros de texto actuais. Pero a súa obra non se restrinxe ao sistema nervioso, senón que tamén intuiu a presenza de células nai ás que denominou «corpúsculos xerminais» e contribuíu ao estudo de diversas patoloxías como o cancro, onde percibiu a importancia dos vasos sanguíneos nos procesos tumorais, o que hoxe en día se estuda como anxioxénese. Podemos dicir, sen medo a trabucarnos, que era un científico adiantado ao seu tempo.

Tesón e traballo foron ingredientes importantes nas súas investigacións, pero o seu maior logro foi empregar un criterio propio, sen doutrinas, que lle permitiu interpretar as súas observacións dun xeito diferente á tendencia preponderante da época. El mesmo definíase, cando era estudante de medicina, como un alumno preguiceiro e descoidado que se distinguía dos demais pola súa «independencia de xuízo», o que o arrastraba a discusións científicas cos seus mestres.

O pasado mes de maio, a Comisión de Actividades Culturais da Facultade de Bioloxía decidiu organizar un ciclo de conferencias sobre a vida e obra de Cajal, con motivo do centenario da concesión do Premio Nobel. Aproveitando a experiencia piloto de incorporación ao Espazo Europeo de Educación Superior, na que unha das actividades a realizar polos alumnos é a exposición de traballos, a un grupo de profesores da facultade, pareceunos axeitado rendirlle unha pequena homenaxe ao noso famoso sabio, confeccionando esta revista cos seminarios dalgúns dos nosos alumnos. Os traballos foron revisados e modificados polos alumnos ao longo do presente curso baixo a titorización dun grupo de profesores. Os obxectivos deste proxecto son dous: primeiro, dar a coñecer a figura de Cajal, e segundo, fomentar e

promover a investigación ou, alomenos a curiosidade (base de toda investigación) entre os nosos alumnos. Tamén aquí podemos incluír unha frase de Cajal referíndose ao seu libro *Los tónicos de la voluntad*: «Ojalá que este humilde folleto que dirigimos a la juventud estudiosa sirva para fortalecer la afición a las tareas de laboratorio, así como alentar las esperanzas de los creyentes en nuestro renacimiento intelectual y científico».

Sen máis pretensións, os profesores que participamos neste proxecto, corrixindo e aconsellando aos nosos alumnos, tentamos, na medida do posible, conservar a súa linguaxe e as súas expresións, quizáis ás veces un pouco coloquiais, pois os lectores serán os seus propios compañeiros.

Vigo, a 7 de xullo de 2006

Pilar Molist García